

**DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
Pontevedra



D. Alexandre Cendón González, co DNI 36114426X, delegado da Asociación "Asemblea do Suído" con domicilio a efectos de notificación na estrada da Lamosa, nº 2, Covelo (Pontevedra), C.P. 36.872 e D. José Benito Andrade González, co DNI. 35256847D e domicilio a efectos de notificación en Pontevedra, na Rúa Eduardo Pondal, 39, 1ºH, C.P. 36003, e Teléfono 986855292; como membro da Asociación pola defensa da Ría (APDR) e en representación desta asociación; desexan presentar **DENUNCIA ADMINISTRATIVA** contra a empresa NORFOR polo seguintes feitos:

A empresa NORFOR ten realizado nunha parcela situada no Concello de Covelo, propiedade da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Piñeiro coa que a empresa ten establecido un contrato en réxime de consorciado, unha plantación continua en réxime de monocultivo con *Eucaliptus globulus* ocupando unha extensa superficie cunha forte pendente. A plantación tense realizado sobre unha superficie ocupada por vexetación natural correspondente á etapas intermedias de sucesión ecolóxica de gran valor ambiental.

A zona onde a empresa NORFOR ven de realizar a plantación forma parte da área a incluír no próximo Lugar de Interese Comunitario da Serra do Suído, o que implica a destrución irreversible dunha parte deste espazo e os seus ecosistemas e unha degradación da paisaxe que suporá unha perda de valor desta área protexida. Os danos producidos que previamente ocupaba a zona forestada son xa claramente apreciables e implican danos ao solo por subsolado profundo, erosión dos horizontes edáficos, construción de pistas con mobilización de rochas con forte erosión asociada e destrución da vexetación orixinal.

A xestión forestal de NORFOR, baseada nun laboreo forestal intensivista que provoca danos ambientais severos e irreversibles, implica no caso desta actuación o incumprimento da lexislación aplicable, máis concretamente o incumprimento do Decreto 81/1989 do 11 de maio, sobre medidas de ordenación das novas plantacións co xénero *Eucaliptus*; NORFOR ten realizado na parcela de referencia plantacións nunha gran superficie sen solicitar a correspondente autorización nin realizar ningún tipo de avaliación de efectos ambientais e, tal e como establece o citado decreto e sen adicar ningunha parte da plantación a especies de frondosas diferentes de *E. glóbulus*.

Diante destes feitos, os asinantes da presente denuncia SOLICITAN,

Que se teña por presentado este escrito de DENUNCIA e, tal e como corresponda en dereito, se inicie un expediente sancionador que imponha a NORFOR a sanción correspondente e obrigue á empresa á reparación do dano que coa súa actuación ten producido.


Que se inicien actuacións para intentar frear os impactos producidos eliminando as plantas de *E. globulus* e restaurando a superficie degradada nos sucos escavados pola empresa.

Que se informe aos denunciante de calquera actuación emprendida relacionada coa presentación do presente escrito de denuncia.

Pontevedra, 24 de maio de 2007



Asdo.: Alexandre Cendón González



Asdo.: J. Benito Andrade González